



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Atención temperá	Código	652G01033	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Fernández Fernández, María Pilar	Correo electrónico	pilar.fernandez1@udc.es	
Profesorado	Fernández Fernández, María Pilar	Correo electrónico	pilar.fernandez1@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O desenvolvemento das persoas depende da estimulación temperá que se proporciona ao longo dos primeiros anos de vida dado que o que ocorre no primeiro período da infancia é importante para as etapas posteriores; por isto para lograr o máximo desenvolvemento e a integración escolar e social de todas as criaturas, con ou sen dificultades, débese optar por unha intervención de carácter interdisciplinar e preventiva que atenda de maneira global as súas necesidades. Así, a atención temperá supón ir sentando as bases do desenvolvemento procurando o aproveitamento ao máximo de todas as capacidades, para a mellora do proceso de aprendizaxe.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.	A1		
Coñecer os desenvolvementos da psicoloxía evolutiva da infancia nos períodos 0-3 e 3-6	A2		
Coñecer os fundamentos de atención temperá	A3		
Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas	A4		
Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención.	A7		
Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades.	A9		
Identificar trastornos no sono, a alimentación, o desenvolvemento psicomotor, a atención e a percepción auditiva e visual.	A16		
Colaborar cos profesionais especializados para solucionar ditos trastornos.	A17		
Valorar a importancia do traballo en equipo	A29	B5 B18 B24	
Aprender a aprender		B1	
Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor		B4	
Autonomía na aprendizaxe		B9	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida			C3
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Desenvolver actitudes favorábeis ao desenvolvemento sostíbel	A15		C4

Contidos	
Temas	Subtemas



1. A Atención Temperá: conceptualización, niveis e marco legal.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Bases conceptuais e principios básicos da Atención Temperá. 2. Recorrido histórico do concepto 3. Obxetivos e finalidades 4. Modelos de prevención e intervención en atención temperá 5. Ámbitos ou niveis de intervención temperá. 6. Abordaxe multidisciplinar e servizos na atención temperá 7. Principios básicos e marco legal na atención temperá.
2. A Atención Temperá e a prevención desde o ámbito da educación infantil: mellorando o perfil evolutivo das nenas e nenos.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e principios do desenvolvemento 2. Ambitos do desenvolvemento normativo 3. Necesidades educativas especiais e trastornos do desenvolvemento 4. A prevención de dificultades e a estimulación do desenvolvemento na escola infantil. 5. A importancia do xogo e outras actividades de aula e o seu papel na prevención de dificultades.
3. A avaliación e o diagnóstico precoz en Atención Temperá para a análise e seguimento do desenvolvemento infantil.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Avaliar para optimizar o benestar infantil e familiar: fases no proceso de avaliación. 2. A identificación de signos de alerta no desenvolvemento 3. Instrumentos e técnicas básicas para a avaliación do desenvolvemento 4. Sistemas diagnósticos: a importancia do diagnóstico precoz
4. Contexto familiar e Atención Temperá.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O sistema familiar como contexto de desenvolvemento e aprendizaxe. 2. O sistema familiar e reaccións ante a discapacidade ou necesidades especiais. 3. Modelos teóricos da intervención centrada na familia. 4. Relación entre a familia e a escola.
5. A intervención en atención temperá: presentación de casos prácticos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A intervención na discapacidade intelectual 2. A intervención en TDAH 3. A intervención en TEA 4. A intervención en trastornos sensoriais 5. A intervención en TEL 6. A intervención en trastornos motóricos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	C4	1	0	1
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 C3 C8	2	0	2
Aprendizaxe colaborativa	A2 A4 A7 A9 A16 A29 B5 B18 B24	8	24	32
Presentación oral	A15 B9 C3	2	8	10
Portafolios do alumno	A17 B1 B4 C8	2	8	10
Traballos tutelados	A3 A9 A15 A29 B5	6	18	24
Estudo de casos	A2 A4 A15 A16 A29 B5 B18 B24	5	10	15
Análise de fontes documentais	A3 A15 B1 B4 C3 C8	0	14	14
Atención personalizada		4.5	0	4.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para obter información relevante que permita articular a docencia a fin de favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir os contidos da materia e facilitar a construción da aprendizaxe.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Presentación oral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais, por parte dos grupos de traballo sobre algún dos contidos da materia para optimizar a aprendizaxe individual e do grupo-clase.
Portafolios do alumno	De xeito virtual, os estudantes realizarán ao longo do curso un cartafol no que recollerán as cuestións máis significativas das tarefas e actividades de aprendizaxe realizadas (esquemas, presentacións, traballos, lecturas, prácticas, etc.) có fin de facilitar a reflexión e autoavaliación do proceso formativo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. O alumnado realizará uns plans de intervención no grupo aula que respondan a distintas necesidades de atención temperá.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Análise de fontes documentais	Revisión de lecturas, documentos audiovisuais, referencias adicionais, etc. que serán facilitadas como introducción, complemento ou síntese dos contidos traballados tanto de carácter teórico como práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en tutorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto se fará coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A9 A15 A29 B5	O alumnado realizará lecturas, análise, reflexión e síntese ou resolución de preguntas de documentos de interés para a materia, e búsqueda de fontes documentais para a prevención e/ou intervención para distintos tipos de factores de risco e alteracións no desenvolvemento.	20
Presentación oral	A15 B9 C3	O alumnado presentará o traballo realizado no grupo pequeno na aula, e propoñerá unha serie de cuestións para o debate e a participación. Valoraranse tanto os aspectos formais como os de contido e os relativos á exposición.	40
Portafolios do alumno	A17 B1 B4 C8	O cartafol servirá como mostra ou evidencia das aprendizaxes acadadas na materia. Deberá presentarse ao remate da mesma, debidamente estruturado de acordo as indicacións efectuadas para a súa realización. O alumnado seleccionará e incorporará os materiais que considere oportunos entre todos os produtos finais do traballo realizado nas sesións expositivas e interactivas, destacando os casos prácticos, tanto no fomento do desenvolvemento na aula, como nos trastornos do desenvolvemento	40



Observacións avaliación

1ª CONVOCATORIA. 1ª OPORTUNIDADE

Dependendo da asistencia continuada ou non ás clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de "Atención Temperá" que determinan dous modos diferentes de avaliación: Modalidade A: Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final.

Modalidade A: Avaliación Continua. Nesta modalidade levará a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas dos contidos da materia realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas. Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só poderase faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula. Esta avaliación levarase a cabo a partir de: a) Cada grupo presentará o seu portafolio, que incluírá os resúmenes e as actividades prácticas do grupo. Para superar satisfactoriamente a materia será necesario realizar todas as actividades e prácticas propostas e participar no traballo presencial e presencial como mínimo nun 85% das horas realizadas. Puntuarase tamén a participación activa en clase. Isto representa un 40 % da cualificación. b) A exposición oral representa un 40% da cualificación. Será valorada pola/o docente e polo propio grupo-clase. c) Cada grupo pequeno presentará os traballos tutelados prescritos polo/a docente contando un 20% da cualificación. Para superar satisfactoriamente a materia será necesario presentar e participar de todas as actividades e tarefas propostas para cada tema mencionadas nos puntos a, b e c. Encada actividade terase que superar o 50 % da cualificación. Modalidade B: Avaliación Final. Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a nota final virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teórico-prácticos da materia, que incluírá o contido das clases interactivas. Modalidade B: Avaliación Final. Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a nota final virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teórico-prácticos da materia, que incluírá o contido das clases interactivas.

1ª CONVOCATORIA: 2ª OPORTUNIDADE

Na Modalidade A, teranse que entregar as actividades que non se realizaron ou non superaron o 50%. A modalidade B mantense igual.

OUTRAS CONVOCATORIAS

Nas restantes convocatorias seguirase a Modalidade B de avaliación final, isto é proba escrita dos contidos teórico-prácticos da materia do curso académico correspondente.

NOTA: Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa fraude na elaboración de tarefas, traballos ou probas, o/a estudante será cualificada/o con "suspenso" nota de 0, na convocatoria correspondente do curso académico, tanto si a comisión da falta se cometese na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a calificación na acta da primeira oportunidade, se fose preciso. A dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da udc

Fontes de información



Bibliografía básica

- Albaladejo, M. (2010). *Cómo decirlo. Entrevistas eficaces en el ámbito educativo.* Barcelona: Graó
- Alpi L. (2003). *Adaptación a la escuela infantil: niños, familias y educadores al comenzar la escuela.* Madrid: Narcea.
- Altimir, D. (2010). *¿Cómo escuchar a la infancia?* Barcelona: Octaedro
- Aranda, R. E. (Coord.) (2008). *Atención temprana en educación infantil.* Madrid: Wolters Kluwer
- Asociación Galega de Atención Temprá -AGAT (2005). Documento Marco. Unha proposta aberta para a mellora da Atención Temprá. Asociación Galega de Atención Temprá -AGAT
- Bonilla Morales, E. (2008). *El principito en el reino perdido: una experiencia en atención temprana.* Fundación Alpe Acondroplasia
- Cabanellas, I. et al. (2007). *Ritmos infantiles: tejidos de un paisaje interior.* Barcelona: Octaedro
- Candel, I. (1998). *Atención temprana. Aspectos teóricos y delimitaciones conceptuales.* Revista de Atención Temprana, 1, 9-15.
- Candel, I. (2005). *Elaboración de un programa de atención temprana.* Revista de Investigación Psicoeducativa, 3 (3), 14-40.
- Clemente Fuentes, J.M. e Sáez Nieto, J.M. (2005). *Modelo de evaluación para la Educación Infantil.* Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, Instituto Nacional de Evaluación y Calidad del Sistema Ed
- Croll, P. (2000). *La observación sistemática en el aula.* Madrid: La Muralla
- David, M. e Appell, G. (2010). *Lóczy, una insólita atención persoal.* Barcelona: Octaedro
- Díaz Quintero, M.M. (2008). *Atención temprana y desarrollo infantil.* Almería: Asociación Procompal de Profesores Comprometidos con Almería
- Empson, J.M., Nabuzoka, D. e Hamilton, D. (2006). *El desarrollo atípico infantil: problemas emocionales y conductuales, maltrato infantil, problemas de aprendizaje.* Barcelona: CEAC
- Falk, J. (Ed.) (2008). *Lóczy, educación infantil.* Barcelona: Octaedro
- García Sánchez, F. (1998). *Ficha individual de seguimiento para atención temprana: manual guía.* Murcia: Federación Murciana de Asociaciones Pro Deficientes Mentales
- García Sánchez, F. A. (2002). *Atención temprana: elementos para el desarrollo de un modelo integral.* Bordón, 54 (1), 39-52
- García Sánchez, F. A. (2002). *Reflexiones acerca del futuro de la atención temprana desde un modelo integral de intervención.* Siglo cero, 33 (2), 200, 5-14
- Gervilla Castillo, M.A. (2006). *Didáctica básica de la educación infantil: Conocer y comprender a los más pequeños.* Madrid: Narcea
- Godall Castell, T. (2010). *Emmi Pikler : la competencia motriz del bebé es posible cuando cambia la mirada del adulto.* Aula de infantil, 53, 5-8
- Golombok, S. (2006). *Modelos de familia. ¿Qué es lo que de verdad cuenta?.* Barcelona: Graó
- Gómez Artiga, A., Viquer Seguí, P. e Cantero López, M.J. (Coords.) (2003). *Intervención temprana. Desarrollo óptimo de 0 a 6 años.* Madrid: Pirámide.
- Grupo de Atención Temprana (2000). *Libro Branco da Atención Temprá.* Madrid: R. Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía
- Gutiérrez Cuevas, P. (1995). *La educación infantil. Modelos de atención a la infancia.* Revista Complutense de Educación, 6 (1), 101-113
- Gutiérrez Cuevas, P. (Ed.) (2005). *Atención temprana. Prevención, detección e intervención en el desarrollo (0-6 años) y sus alteraciones.* Madrid: Editorial Complutense
- Herrero, M.L. (1997). *La importancia de la observación en el proceso educativo.* Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 1 (0), 1-4
- Juan-Vera, M. J. e Pérez-López, J. (2009). *El funcionamiento de un Centro de Desarrollo Infantil y Atención Temprana.* Revista interuniversitaria de formación del profesorado, 65, 21-38
- López Recacha, J. A. (2008). *La atención temprana: modelo integrador en el ámbito escolar.* Almería: Corintia
- López Sánchez, F. (Coord.) (2007). *La escuela infantil: observatorio privilegiado de las desigualdades.* Barcelona: Graó
- López Sánchez, F. (2008). *Necesidades en la infancia y en la adolescencia. Respuesta familiar, escolar y social.*



Madrid: Pirámide

- Mallebrera Quiles, C. (2008). Juego, juguetes y atención temprana : pautas para el diseño de juguetes útiles en la terapia psicopedagógica.. Asociación Investigación Industria del Juguete
- Maraví Artieda, P. e Elcarte Elcarte, M. P. (2006). La atención temprana: la aventura de ayudar a crecer.. Idea: la revista del Consejo Escolar de Navarra, 22
- Medrano, G. (1997). La observación sistemática en contextos educativos como medio de formación del maestro de educación infantil.. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 1 (0), 1-6
- Méndez Zaballos, L. (2000). Tres eran tres : la escuela infantil, la familia y el equipo de atención temprana. . Aula de innovación educativa, 95, 18-21
- Millá M.G., e Mulas, F. (Drs.). (2005). Atención Temprana. Desarrollo infantil, diagnóstico, trastornos e intervención.. Valencia: Promolibro.
- Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa.. Madrid: Editorial CCS.
- Paniagua, G. y Palacios, J. (2005). Educación infantil: respuesta educativa a la diversidad. . Madrid: Alianza
- Pérez-López, J. e Brito, A. (Coords) (2004). Manual de Atención Temprana.. Madrid: Pirámide
- Pérez Sánchez, M.I. e Lorenzo Rivero, M.J. (2001). IDAT. Inventario de Desarrollo Atención Temprana. Salamanca: Amarú
- Perpiñán Guerras, S. (2009). Atención temprana y familia: cómo intervenir creando entornos competentes.. Madrid: Narcea
- Pikler, E. (2004). Moverse en libertad.. Madrid: Narcea
- Regidor, R. (2003). Las capacidades del niño. Guía de estimulación temprana de 0 a 8 años.. Madrid: Palabra
- Sánchez Asín, A. (1997). Atención temprana. Programa (0-3 años). . Barcelona: Cedecs
- Sánchez Asín, A. (2001). Atención temprana : núcleos fundamentales para la intervención. . Revista galega do ensino, 32, 151-168
- Sánchez Caravaca, J. (2000). Un programa de prevención y atención temprana desde la Administración educativa.. Revista de Atención Temprana, 3 (1), 29-36.
- Serrano, A. M. (2005). Inteligencias múltiples y estimulación temprana: guía para educadores, padres y maestros.. México: Trillas-Eduforma
- Silva Salinas, S. (2004). Atención a la diversidad en educación infantil. Necesidades educativas: Guía de actuación para docentes.. Vigo: Ideaspropias
- Valcarce García, A. (2008). Políticas Públicas para la Atención Temprana de la Infancia 0-6 años.. Revista de educación, 347, 141-153
- Vidal Lucena, M. (1990). Atención temprana: guía práctica para la estimulación del niño de 0 a 3 años.. Madrid: Ciencias de la educación preescolar y Especial, D.L.
- Viquer Seguí, P. (2003). Optimización evolutiva: fundamentos del desarrollo óptimo. . Madrid, Pirámide
- VVAA (1994). Pautas y registros de observación y evaluación. Primer ciclo de educación infantil.. Barcelona: Graó
- () .
- Robles Bello, M y Sanchez Teruel. D (2009). Evaluación e intervención en atención infantil temprana: hallazgos recientes y casos prácticos . Universidad de Jaén
- () .

Os temas e as actividades prácticas da materia pódense obter en moodle



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- (). .- Robles Bello, M y Sanchez Teruel D (2009). Evaluación e intervención en atención infantil temprana: hallazgos recientes y casos prácticos. Universidad de Jaén- Vidal Lucena, M, y Díaz Curiel, C. (2015). Atención temprana: guía práctica. Madrid: CEPE- (). .
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A entrega de todas as tarefas-actividades propostas realizarase vía telemática, a través da plataforma Moodle, para contribuír a un desenvolvemento sostíbel, previr impactos negativos sobre o medio ambiente e evitar o esgotamento dos recursos naturais. A dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías